

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL EN DATA 28 DE SETEMBRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinteito de setembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-
Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.-(Ord. 14/09/07)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 14 de setembro ó que responden negativamente tódolos concelleiros presentes nas mesmas polo que as referidas actas foron aprobadas.

PUNTO 2.- ACORDOS

Lese o escrito RE 6.953 de data 26 de setembro de 2007, remitido por CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE – DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, aceptando a proposta municipal de modificar a pavimentación da beirarrúa que da contra a fachada lateral norte da capela do Convento das Beneditinas e recordando que deberá presentarse o proxecto oportuno para a súa autorización.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó técnico urbanístico municipal para que redacte o proxecto.

Lese o escrito RE 6.743 de data 17 de setembro de 2007, presentado por VALEDOR DO POBO, solicitando a remisión urxente do informe complementario sobre o problema que motivou a queixa de Dna. Carmen M^a Baz Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Urbanismo para que remita o informe.

PUNTO 3.- INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 6.927 de data 26 de setembro de 2007, presentado por DNA. M^a JESÚS DARRIBA CALVIÑO, D. FERNÁNDO LORENZO GONZÁLEZ E DNA. ROSA M^a DARRIBA CALVIÑO, con domicilio na rúa Baixada á Armona, n^o 2 da Guarda, solicitando a medición por parte do Concello da parcela colindante a súa propiedade na que se está iniciando a construción dunha vivenda (Exp. 383). Solicitan asimesmo a paralización das obras mentras non se determine se as obras se axustan a legalidade.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa se ordenou a medición a un topógrafo e se procederá de acordo cos resultados que ofrezan.

Lese o escrito RE 6.870 de data 22 de setembro de 2007, presentada por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, n^o 51-8^oA de Vigo, solicitando que se dispoña a suspensión inmeditada da actividade e usos os que dera lugar a actividade constructiva de ampliación de nave industrial existente na concesionaria da Opel en Salcidos, e asimesmo se lle emita certificación comprensiva do estado do procedemento que dimana da denuncia presentada con data 02/08/07.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Urbanismo para que informe así como tamén ó interesado.

Lese o escrito RE 6.901 de data 25 de setembro de 2007, presentado por SEVALIAR, S.L., con enderezo na rúa Mariano Ordóñez, n^o 1 de A Guarda, solicitando que se lle expida licenza definitiva de apertura para o Hotel Celta en virtude do silencio administrativo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que as licencias por silencio administrativo só poden outorgarse se hai cumprimento da normativa, e no seu caso existe un informe urbanístico no que sinala que non cumpre co PXOU.

PUNTO 4.- ASUNTOS TRAÍDOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito 6.971 de data 27 de setembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA – INICIATIVA VECIÑAL, no que resalta o problema do tráfico na maioría das localidades e solicita que se faga un estudo sobre a instalación de bandas sonoras nas rúas sen beirarrúa e nas estradas.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa se está realizando un estudo sobre o asunto.

Lese o escrito RE 6.908 de data 25 de setembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA- INICIATIVA VECIÑAL, solicitando autorización para acceder ó expediente de selección de profesor de piano celebrado en días pasados.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que en días pasados non houbo ningunha selección de profesor de piano.

Lese o escrito RE 6.869 de data 21 de setembro de 2007, presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO – PORTAVOZ MUNICIPAL DO BNG, solicitando autorización para acceder e examinar os expedientes nº 209/2006 e 326/2001.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o acceso e exame dos expedientes no departamento de urbanismo.

Asiste o funcionario do Concello D. José M^a Álvarez Álvarez.

PUNTO 5- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D^a. MARÍA LÓPEZ MARTÍNEZ, R.E. Nº. 6.171 DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 98 DE A GUARDA-36788, PARA COLOCAR TERRAZO NAS BEIRARRÚAS DO PATIO EXTERIOR NUNHA SUPERFICIE DE 150,00 M². E REPARAR GRETAS NA CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 98, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O

PASAXE” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 6.235 DE DATA 29 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS Nº. 89 DE A GUARDA-36788, PARA REFORMA DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 88,00 M². CONSISTENTE EN COLOCAR TELLA DO PAIS SOBRE URALITA EXISTENTE DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 125, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O PASAXE” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 6.234 DE DATA 29 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS Nº. 89 DE A GUARDA-36788, PARA REFORMA DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 48,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA EN MAL ESTADO POR OUTROS NOVOS E COLOCAR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E POBLADO CON TELLA CURVA, DO CABANÓN SITO NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 44, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 6.604 DE DATA 11 DE SETEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS Nº. 89 DE A GUARDA-36788, PARA AMPLIACIÓN DA PORTA DE ENTRADA E REFORMA DAS ESCALEIRAS DE ACCESO A OFICIÑA, SITA NA RÚA DE ANTONIO ALONSO Nº. 11-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. ALFREDO RODRÍGUEZ GÓMEZ, R.E. Nº. 6.211 DE DATA 28 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MURO Nº. 13 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CUBRIR UNHA TERRAZA NUNHA SUPERFICIE DE 4,50 M². CONSISTENTE NA INSTALACIÓN DE CARPINTERIA DE ALUMINIO ACRISTALADO A XEITO DE GALERIA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MURO Nº. 13, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES I E J LIMA, S.L., R.E. Nº. 6.145 DE DATA 24 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE Nº. 2 DE A GUARDA-36789, PARA COLOCACIÓN DE RECERCADOS DE 16 VENTÁS E ESQUINALES CON PEDRA DO PAIS DA VIVENDA UNIFAMILIAR PROPIEDAD DE D. ANTONIO MARTÍNEZ ÁLVAREZ SITA NA RÚA DE 8º TRANSVERSAL SOLANAS Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 2 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, S.L., R.E. N.º. 6.170 DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A CAL N.º. 138-2º DE A GUARDA-36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA EXISTENTE POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E POBLADO CON TELLA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS, COLOCACIÓN DUNHA VENTA VELUX E LAVADO E PINTADO DE FACHADAS EXTERIORES DA VIVENDA SITA NA RÚA DE SAN CAETANO N.º. 74, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 4 DO P.X.O.U.).

A D. MANUEL ANGEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, R.E. N.º. 6.308 DE DATA 31 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A GUIA N.º. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA E TELLA POR VIGUETAS DE CEMENTO, URALITA E TELLA DO PAIS, SITO NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL N.º. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 6.- LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

A Xunta de Goberno Local, vista a instancia presentada por D. JOSÉ RAMÓN DOMÍNGUEZ ESTÉVEZ, R.E. N.º. 5.693 DE DATA 2 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA AVDA. DE SAN LORENZO N.º. 14 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA N.º. 53/2006 OUTORGADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 14-03-2006, POR *(AUMENTOS NA PLANTA BAIXA CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DUN PORCHE EXTERIOR ADOSADO Á FACHADA POSTERIOR DA VIVENDA)*, RESPECTO DO PROXECTO TÉCNICO BÁSICO E EXECUCIÓN PRESENTADO CON DATA 16/02/2006 E R.E. N.º. 1.011, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA AVDA. DE SAN LORENZO N.º. 14, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” (ORDENANZA N.º. 9 DO P.X.O.U.), acorda proceder á liquidación complementaria da licencia 53/2006.

PUNTO 7.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisalo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A PROMOCIONES VALENTIN CAMPOSANCOS, S.L., R.E. Nº. 2.506 DE DATA 14 DE ABRIL DE 2005, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS Nº. 96 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR-PARCELA B” COMPOSTA DE (PLANTA SOTO,

PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMNEIRA), SITA NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A PROMOMIÑO 2006, S.L., R.E. Nº. 5.441 DE DATA 23 DE XULLO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE NARANXEIRAS Nº. 17-A (REBORDANES) DE TUI-C.P. 36712, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NO LUGAR DE “TOMADAS”, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “BAIXADA Á PRAIA DE CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

PUNTO 8.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN DE PARCELA, SITA NA RÚA DE CORUTO VELLO ESQUINA RÚA DE PORTELA.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 4.094 de data 4 de xuño de 2007, a instancia de PROMOCIONES BOMADE VIGO, S.L. e con domicilio os efectos de notificación na rúa de Brasilino Álvarez nº. 1-Entlo. de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado Enxeñeiro Técnico Agrícola para “SEGREGACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de Coruto Vello esquina rúa de Portela, s/n.

INFORME TÉCNICO 18-09-2007.

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “SEGREGACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de Coruto Vello esquina rúa de Portela, s/n., teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de PROMOCIONES BOMADE VIGO, S.L., para a parcelación de fincas, VISADO POLO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRONOMOS o día 31-05-2007 e redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola: Yolanda Martínez Domínguez.

1.2.- Presentación de planos, a nome de PROMOCIONES BOMADE VIGO, S.L. coas dúas parcelas resultantes, visados polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA O DÍA 22-08-07 firmados polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

1.3.- Presenta as escrituras da propiedade da parcela matriz, cunha superficie total de 725,27 m².

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- A finca matriz está incluída dentro da ordenanza nº. 7 do P.X.O.U. e se parcela en dúas fincas, que denominamos parcela 1 e parcela 2.

2.2.- A solicitude da propiedade emítese polo Concello un ACTA de RETRANQUEO, segundo a cual a propiedade presenta o correspondente documento de Cesión de Terreos por unha superficie de 99,93 m².

2.3.- Segundo os planos arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez, as parcelas resultantes son as seguintes: parcela nº. 1 cunha superficie bruta de 379,86 m² e unha superficie neta de 320,00 m²., e a parcela nº. 2 cunha superficie bruta de 345,41 m². e unha superficie neta de 305,34 m².

2.4.- Ambas parcelas cumpren cóas determinacións do P.X.O.U., para a ordenanza 7 de parcela mínima e frente de parcela.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido se considera favorable.

3.2.- A autorización para a parcelación non implica autorización de edificación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 27-09-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados

PUNTO 9.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por ACIGU (RE 2.194 Data 30 de marzo de 2007), para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS NOUTROS LOCAIS (Epig. 662.2) situado na rúa de Inguieiros, nº 2-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a ACIGU licencia municipal nº 14/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS NOUTROS LOCAIS (Epig. 662.2) situado na rúa de Inguieiros, nº 2-baixo.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por ASOCIACIÓN AVELAIÑA (RE 5.831 de data 07 de agosto de 2007), para a apertura dun local dedicado a actividade de ASISTENCIA E SERVICIO DE DISMINUIDOS NON RESIDENCIAIS (Epig. 952.1) situado na rúa de 2º Transv. Coruto Vello, nº 33.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a ASOCIACIÓN AVELAIÑA licencia municipal nº 15/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de ASISTENCIA E SERVICIO DE DISMINUIDOS NON RESIDENCIAIS (Epig. 952.1) situado na rúa de 2º Transv. Coruto Vello, nº 33.

Non habendo máis asuntos a tratar o Sr. Presidente levanta a sesión ás doce horas do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.